



Provincial Escolar Alevín en pista Prov. Escolar de Combinadas Infantil

Pontevedra, 13 de maio de 2018
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



Art.1). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do **martes 8** de maio. Asemade, deberá enviarse a pontevedra@atletismo.gal os compoñentes dos equipos de remudas.

Publicarase na web <http://atletismo.gal> o listado de inscritos. Aqueles atletas que renunciem a algunha proba deberán comunicalo a pontevedra@atletismo.gal

Poderá seguirse en dita web o listado coa última hora de actualización, co fin de que si renuncia algún atleta clasificado poida participar o seguinte con mellor marca.

Art.2). Limitación na participación:

❖ ALEVÍN:

- Poderán participar os atletas coas **16 mellores marcas dos inscritos**, sendo soamente válidas as marcas realizadas nas fases previas.
- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas. No caso de ser carreiras, somentes unha poderá superar os 250m. **As remudas NON computan como proba.**
- Na proba de **remudas** acadarán praza de participación as **entidades** coas 16 mellores marcas dos inscritos, podendo acadar ata dúas prazas por entidade. Para optar á segunda praza é preciso que non sexa partícipe das dúas marcas un mesmo atleta, tendo por tanto que ser realizadas por 8 integrantes diferentes. As prazas acadadas poderán ser integradas por calqueira atleta, participase ou non na súa clasificación.

❖ INFANTIL:

- A participación é aberta, sendo o número máximo de participantes por entidade e categoría de 6 ata un máximo de 32 atletas inscritos por proba. No caso de superar este máximo, reducirase o número máximo de participantes por entidade.

Art.3). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.4). Os dorsais serán recollidos polo delegado do club ata media hora antes do comezo das probas.

Art.5). **Número de intentos:** Realizarase mellora nos concursos, agás nos saltos verticais e as combinadas.

Art.6). **Cadencia da altura:** 0,90 – 0,95 – 1,00 – 1,05 – 1,10 e de 3 en 3 cm.

Poderá ser modificada en función dos atletas admitidos.

Art.7). **Distancia das táboas de lonxitude:**

- Alevín: 1 e 3 m.
- Infantil: 2 e 3 m.

Art.8). Nas probas de velocidade e valados de categoría infantil é obrigatoria a saída con 4 apoios (con ou sen tacos).



Provincial Escolar Alevín en pista Prov. Escolar de Combinadas Infantil

Pontevedra, 13 de maio de 2018
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



Art.9). Horario:

| ALEVÍN | | | | |
|---------------|----------------|--------------|----------------|---------------|
| MASCULINO | | Hora | FEMININO | |
| Lonxitude | 2.000 m Marcha | 10:00 | 2.000 m Marcha | Altura |
| | | | | Peso 2 kg |
| | | | | |
| | 60 ml | 10:55 | | |
| | | 11:05 | 60 ml | |
| | | | | |
| Pelota 300 gr | | 11:15 | | |
| | 1.000 ml | 11:20 | | |
| Altura | | 11:30 | 1.000 ml | |
| | 2.000 ml | 11:50 | 2.000 ml | |
| | | | | |
| | | 12:10 | 500 ml | |
| | | | | |
| | 500 ml | 12:25 | | |
| | | 12:30 | | Lonxitude |
| Peso 2 kg | | 13:05 | | Pelota 300 gr |
| | | | | |
| | 4x60 m | 13:35 | | |
| | | 13:45 | 4x60 ml | |

| Hora | Combinadas INFANTIL | |
|--------------|---------------------|--------------|
| | MASCULINO | FEMININO |
| | | |
| 10:20 | 80 ml | |
| 10:35 | | 80 ml |
| 10:55 | Lonxitude | |
| | | |
| 11:10 | | Lonxitude |
| | | |
| 12:00 | Peso 3 kg | |
| | | |
| 12:15 | | Peso 3 kg |
| | | |
| 13:05 | 80 mv (0,84) | |
| 13:20 | | 80 mv (0,76) |
| | | |

Art.10). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.